

Bo día señoras e señores parlamentarios/as.

En primeiro lugar queremos expresar o noso agradecemento polo convite para participar nesta Comisión non permanente de Seguridade Viaria.

O certo é que nos sorprende gratamente que se realice este esforzo en prol da seguridade viaria dende o ámbito político, mostra da acertada preocupación que a lacra dos sinistros viarios ten a nivel mundial e tamén a nivel galego.

Tamén nos agrada que por fin se teña en conta a nosa opinión como entidade dedicada á prevención dos sinistros dende as autoridades galegas, despois de que outras entidades o fixeran con anterioridade dende outros sectores como diferentes Universidades nacionais, encontros de expertos ou dende a propia Dirección General de Tráfico.

A Asociación de Mobilidade e Prevención de Accidentes de Tráfico P(A)T Galicia cumpre neste 2014 os seus primeiros dez anos de traballo. Con personalidade xurídica propia, a nosa entidade ten asinado un convenio de colaboración coa prestixiosa Asociación Nacional de Prevención de Accidentes de Tráfico P(A)T España, con 45 anos de recoñecida experiencia non ámbito da mobilidade.

Os obxectivos da asociación poden resumirse en espertar e fomentar unha conciencia viaria, co fin primordial de diminuír o número de vítimas e accidentes, procurando facer respectar a lexislación vixente sobre tráfico e seguridade viaria e procurando, así mesmo, que reine o respecto mutuo e a prudencia na mobilidade e nas vías públicas.

P(A)T ten tamén por finalidade conseguir un mellor e máis xusto trato e o recoñecemento social e xurídico dos dereitos das vítimas e afectados/as, prestándolles, así mesmo, asistencia humana e social.

Para tal fin a entidade realiza toda clase de actuacións co obxectivo de conseguir un tráfico viario seguro e pacífico, promovendo os valores de respecto e convivencia na mobilidade, colaborando con outras entidades, tanto públicas como privadas, así como realizando estudos, xornadas, cursos e conferencias, en calquera ámbito de actuación co propósito de difundir a nosa mensaxe.

A nosa forma de traballo caracterízase pola intervención con colectivos que conforman os especiais grupos de risco na mobilidade como son os/as mozos/as durante as fins de semana asociados/as ó consumo de alcohol (para os que levamos a cabo programas como *Ponte un Cero en Alcohol* ou o *Proxecto Moucho*), as persoas maiores que falecen por atropelos (con programas específicos como *Déixate Ver*) ou os/as nenos/as que o fan cando non viaxan con un sistema homologado de retención infantil axeitado á súa talla e peso (ós/ás que adicamos o proxecto *Séntame Sínteme*).

A pesar desta especial adicación ós colectivos en risco, P(A)T mostra tamén un especial interese pola inclusión social, deseñando actuacións de cara a toda a sociedade, como o recente *Proxecto Entreparadas*, nas que a participación activa dos cidadáns e cidadanas con calquera tipo de situación personal posibilita o traballo en valores como o respecto, a tolerancia e a convivencia.

Os méritos de P(A)T Galicia pónense de manifesto coa concesión de dous Premios nacionais de Seguridade Viaria (2005 e 2007), así como unha Distinción especial do Xurado do Premio Barcelona de Seguridade Vial (2006); o Premio Galicia Solidariedade (2008); Premio Morogo 2007 polo labor altruista a prol da prevención dos sinistros de tránsito, ou o Premio á mellor película do Festival Internacional de Cine FECIDISCOVI polo documental extraído do Proxecto *Entreparadas* (2013).

A mobilidade en Galicia

Para abordar o tema que nos trae a esta Comisión cómpre comezar por destacar as características específicas que Galicia ten como territorio para poder ir abordando as diferentes problemáticas que consieramos de maior interese na mobilidade.

A sinistralidade viaria en Galicia debúxase cunha serie de características peculiares, que radican principalmente na ordenación do territorio, e que repercuten de maneira moi significativa na distribución de poboación, na mobilidade, no transporte, na configuración da rede de estradas e, como consecuencia, na seguridade dos desprazamentos.

As necesidades de mobilidade en Galicia son claramente maiores que as doutras rexións. A dispersión do territorio inflúe na vida dos cidadáns e nas súas necesidades e fai que os tráxicos xerados por motivos de emprego, lecer ou por servizos sexan elevados.

Estreitamente relacionada coa dispersión da poboación atópase a configuración da rede de estradas galega. É frecuente que as poboacións crezan ao longo das estradas e que os desprazamentos habituais dos seus veciños/as se realicen pegados ó transcorrer dos vehículos, en moitas ocasións carecendo de beirarúas.

A imaxe mental que se nos debuxa cando pensamos nas zonas rurais atravesadas por esta rede de estradas secundarias é a de persoas maiores que saen a pasear ou a de nenos e nenas que se desprazan para coller o transporte escolar totalmente desprotexidos e atravesando arcéns cheos de maleza que únicamente se limpan durante os pertinentes periodos electorais.

A orografía de Galicia por unha banda e as condicións climáticas adversas no territorio durante gran parte do ano por outra, son factores específicos que se deben ter en conta á hora de analizar o problema da seguridade viaria e propor medidas de mellora.

Dende o que se pode percibir dende unha entidade como a nosa, a distribución de competencias en materia de tráfico en lugar facilitar un reparto de esforzos, está a dificultar o traballo conxunto. Neste sentido P(A)T reclama dende esta Comisión un pacto de tódalas forzas políticas para reducir a siniestralidade viaria, aumentar a seguridade e converter as nosas cidades, municipios e pobos en verdadeiros lugares de encontro para as persoas.

Para facilitar a comprensión das nosas solicitudes a esta Comisión, organizaremos en cinco eixos a nosa intervención, abordando as principais causas de accidentalidade que xa destacara a Organización Mundial da Saúde con motivo da instauración do I Día Internacional das Vítimas de Sinistros de Tráfico: os peóns atropelados, o uso dos elementos de seguridade, a velocidade excesiva, o consumo de alcohol e outras drogas durante a conducción e o estado das vías.

1. Mobilidade peonil

Na nosa comunidade durante o ano 2012, morreron 159 persoas en accidentes, cifra que equivale case ao 8% dos ocorridos no conxunto do Estado. A maior parte do accidente producíronse en estradas que non eran nin autoestradas nin autoestradas.

O perfil de persoa accidentada por sinistro de tráfico en Galicia é o de unha persoa maior que falece atropelada, superando xa outros perfís

habitualmente afectados como o dos mozos/as que falecen en horario nocturno en accidentes relacionados co consumo de alcohol.

Os programas de sensibilización sobre condutas peonís seguen a ser imprescindibles para concienciar a unha poboación cada día máis envellecida e con características psicofísicas afectadas por esta variable.

Tamén no ámbito da mobilidade peonil e como especificidade galega é preciso destacar a situación xeográfica do noso territorio como zona de paso e punto de chegada do Camiño de Santiago. Xa a lei 3/1996 de protección dos Camiños de Santiago sinalaba a situación real dunha Ruta mixta composta de estradas e camiños e a conveniencia de potenciar a súa vocación peonil "que non poderá ser usado para o tráfico rodado de vehículos de motor", salvo en contados casos.

Pero os cruces de estradas, os traxectos por arcéns en vías nacionais ou a carencia de pasos de peóns seguen ahí, engadindo unha perigosa carga de inseguridade viaria a unha senda que transitan cada ano decenas de miles de persoas que trasladan esta imaxe a nivel internacional.

2. Uso de elementos de seguridade

A xeneralización do uso dos elementos de seguridade como o casco ou o cinto ten sido unha batalla histórica das diferentes entidades preocupadas en materia de seguridade viaria. A pesar da mellora da situación en canto ó nivel de uso destes sistemas, segue habendo aspectos que, baixo a nosa opinión, son susceptibles de mellora como a controvertida exención dos condutores profesionais (taxistas, camioneiros/as...) á hora de realizar determinados traxectos ou manobras.

Este tipo de condutores/as, que utilizan o vehículo como medio de traballo, permanecen expostos a situacións de risco durante grande parte da súa xornada, polo que non se entende a exención do uso dun elemento que a todas luces pode supor a diferenza entre unha pequena lesión ou unha perda humana.

Por outra banda, neste apartado queremos referirnos especialmente ó uso dos sistemas de retención infantil. Os/as nenos/as son o elemento máis débil no tráfico xa que as decisións sobre a súa seguridade están supeditadas ás dos seus pais e nais ou titores legais.

Ademáis do necesario asesoramento ás familias sobre o uso axeitado destes dispositivos a través de programas educativos e de sensibilización, faise necesario neste punto pensar naquelas familias que debido á actual situación de crise económica non dispoñen de medios suficientes para a compra destes elementos. Neste sentido a nosa entidade a través do Programa Séntame Sínteme iniciou un sistema pioneiro de préstamo municipal de SRI para familias con escasez de recursos, fácilmente exportable a outros municipios con interese neste tema.

3. Velocidade excesiva

O exceso de velocidade está presente en tres de cada catro accidentes de tráfico. A velocidade incrementa a violencia dos impactos, empeora a diagnose das lesións sufridas nos/as accidentados/as e aumenta a letalidade dos sinistros.

Dende P(A)T reclamamos a recuperación dos espazos urbanos como espazos de encontro para as persoas, libres da presenza dos vehículos privados ou cunha presenza minoritaria na que a velocidade se reduza nas pertinentes zonas a 30.

A pacificación das vías pasa necesariamente pola presenza dun tráfico máis calmado cunha aposta política e social clara por elementos como os carriles bici, unha rede de transporte público accesible e suficiente e unha imprescindible eliminación de barreiras que siguen obstaculizando a igualdade para persoas con discapacidade.

4. Consumo de alcohol e outras drogas

Os accidentes de tráfico seguen a ser a primeira causa de mortalidade entre os mozos e mozas de entre 16 e 25 anos e unha gran parte deles está relacionado co consumo de alcohol e outras drogas, que tamén ten unha gran presenza en accidentes entre outros grupos de idade.

Os controis preventivos son unha ferramenta imprescindible para disuadir e controlar estes comportamentos, pero somos testigos de que determinadas autoridades políticas renegan deste tipo de controis caendo nunha deixadez das súas responsabilidades e repercutindo directamente na seguridade de todos/as.

Socialmente hai que seguir traballando para que se produza un reproche social completo de cara ó consumo de alcohol ligado á conducción e neste sentido P(A)T Galicia aposta pola visión 0.

Ningún conductor/a coas súas capacidades psicofísicas mermadas polo consumo dunha determinada sustancia ten dereito a cruzarse na vida de claquera outro cidadán e destrozarse en poucos segundos un proxecto vital dunha forma tan insolidaria, egoísta e inxusta.

A instauración de sistemas alternativos ó uso do vehículo privado como un transporte colectivo accesible e eficaz ou determinados servizos como o "Noite Bus" constitúen segundo a nosa visión pasos de cara á solución deste problema.

Non entendemos o por qué da retirada dun servizo que, según constatamos coa experiencia levada a cabo por P(A)T na cidade de Ourense coa posta en marcha Moucho Bus, garante a seguridade dos desprazamentos nocturnos e de ocio dos nosos/as mozos/as e ademais, aínda que inicialmente supón un esforzo e unha aposta de fondos públicos, é capaz de autofinanciarse a curto prazo coa propia resposta dos/as usuarios/as.

5. Estado das vías

A pesar de que a responsabilidade sobre a maioría das variables que inflúen na siniestralidade teñen orixe no comportamento e toma de decisións do factor humano, é unha realidade que o descoido sobre o mantemento das vías, tanto a nivel de sinalización como do deficiente estado do firme, contribúen ó aumento da siniestralidade viaria.

Dende P(A)T Galicia abógase polo mantemento das infraestructuras existentes e a revisión e retirada ou modificación de certos elementos que poden impedir ou dificultar a mobilidade de persoas con algún tipo de discapacidade.

Unha vez comentados estes cinco eixos de actuación e antes de pasar a presentarlle as nosas demandas e propostas, como colectivo que representa ás vítimas e afectados por sinistros de tráfico cremos necesario por de manifesto nesta Comisión que este colectivo síguese autoconsiderando como vítimas de terceira.

A nivel social e mediático o goteo constante que supoñen as vítimas do tráfico fai que nos "inmunicemos" ante o problema, relativizando a transcendencia das consecuencias e aplaudindo a mellora da situación numérica dos falecidos, esquecendo as realidades humanas que hai detrás desas cifras.

O colectivo de vítimas non ten a menor dúbida da responsabilidade de políticos e de xuíces por descoido e incumprimento das súas obrigas, como tampouco a teñen do resto de cidadáns por permitir e aceptar esta realidade como algo válido, cando realmente é algo inaceptable.

Ademáis de sufrir unha tremenda soidade e o mal trato que se lles dá sobre todo a nivel xudicial, as vítimas e familiares deben realizar un esforzo titánico a nivel psicolóxico, emocional e incluso económico.

Esiximos dende este foro que se deixe de utilizar o tema das vítimas do tráfico e se humanice por fin a este colectivo creando un rexistro oficial de vítimas de tráfico, que de pe a un estudio concienciado sobre as causas destes sinistros de forma que por fin se poida abordar este tema dunha forma lóxica e global.

O criterio de conteo das vítimas de sinistros de tráfico debe atender a unha variable única, lóxica e que non sexa tan fácilmente manipulable como o actual. Dende P(A)T cuestionámonos qué ocorre cando unha persoa falece máis aló das 24 primeiras horas tralo suceso e por qué motivo deixan de considerarse a estas persoas como vítimas cando realmente o seu falecemento se deriva dun sinistro de tráfico.

No mesmo sentido reclamamos unha maior formación para tódolos axentes relacionados coa mobilidade que por exercicio das súas funcións profesionais poidan estar en contacto coas vítimas ou estén encargados de comunicarlles ós familiares as situacións de falecemento.

A pesar da trascendencia que para os/as familiares ten o momento da comunicación destes sucesos, actualmente estase facendo na maioría dos casos guiada unicamente polo bo facer destes profesionais, sen unha formación específica a nivel psicolóxico ou de apoio emocional.

Nas súas mans teñen señores/as parlamentarios contribuir á dignificación e humanización dun proceso xa de por si complexo para tódolos/as afectados/as e polo que en calquera momento somos susceptibles de pasar calquera dos que hoxe participamos desta Comisión.

PROPOSTAS E CONCLUSIÓN

A modo de conclusión ofrecemos as propostas de P(A)T Galicia a esta Comisión para mellorar a mobilidade galega:

- A mellora na recollida de información en materia de accidentes, a avaliación dos sinistros no territorio e toma de decisións efectivas para reducir a siniestralidade.
- O mantemento continuado das beirarúas e zonas transitadas por peóns, coa correspondente eliminación de barreiras arquitectónicas, a instalación de elementos de especial protección peonil e a retirada de elementos que entorpezan o normal desprazamento (como por exemplo a excesiva cartelería que caracteriza ás beirarúas nas cidades).
- A análise de puntos conflictivos na mobilidade referida ás zonas específicas polas que transitan os peóns do Camiño de Santiago, a través dun estudo que posibilite unha publicación informativa que se poda facilitar ós/ás camiñantes con diferentes recomendacións para a mellora da súa seguridade viaria.
- A posibilidade de intervir con modificacións estruturais de baixo custo para segreggar os diferentes tipos de tráfico nas localidades, promovendo a implantación de plans de seguridade viaria ou, por exemplo, de carrís bici ou camiños escolares seguros.
- O fomento de programas de sensibilización e educación familiar nos que se facilite ó asesoramento sobre o uso dos elementos de seguridade na mobilidade, especialmente do SRI; e a instauración de programas ou servizos específicos que faciliten o uso destes elementos para tódalas familias independentemente das súas posibilidades económicas.
- Instauración de elementos de pacificación do tráfico nas cidades e municipios como zonas a 30, carrís bici, camiños escolares e outros elementos de ordenación e xestión segura da mobilidade.
- Realización sistemática de controis de velocidade e de consumo de alcohol e drogas preventivos, que disuadan deste tipo de comportamentos á poboación de forma xeral.
- Mantemento efectivo da rede de estradas e tamén das zonas de tránsito peonil, tanto a nivel estrutural como de sinalización simplificada e máis efectiva, que melloren e faciliten a calidade dos desprazamentos.
- Aposta decidida pola educación como ferramenta básica de traballo para a instauración dunha verdadeira cultura vial, baseada en valores como a solidariedade, o respecto e a convivencia, posibilitando e dotando economicamente aqueles programas e servizos que teñan como obxectivo a mellora da mobilidade.
- A protección e dignificación do colectivo das vítimas e afectados/as por sinistros de tráfico, ofrecéndolles un servizo público de primeira atención mediante asesoramento legal e psicolóxico especializados (a través por exemplo dun servizo de atención telefónica permanente).



Finalmente, dende P(A)T Galicia queremos destacar a nosa reclamación sobre a necesidade de que esta Comisión se convirta nun espazo de encontro **permanente** como xa o é noutras comunidades que a nivel nacional se consideran referentes na xestión da mobilidade.

O traballo pola seguridade vial é unha necesidade continua, unha carreira de fondo que non ofrece resultados a curto prazo senón que precisa dun esforzo conxunto e continuado tanto a nivel de intervención como de avaliación constante.

P(A)T Galicia ofrece a súa colaboración en todas aquelas necesidades de asesoramento e/ou participación nesta materia que, na medida das nosas posibilidades, poidan estimar oportunas a partir desta Comisión.

Xunta directiva de P(A)T Galicia

5 de maio de 2014



DOSSIER DE PRESENTACIÓN P(A)T GALICIA

ASOCIACIÓN DE MOBILIDADE E PREVENCIÓN DE SINISTROS DE TRÁFICO

DATOS DE INTERESE

A delegación en Galicia da Asociación de Prevención de Accidentes de Tráfico **P(A)T** conta con un grupo de expertos en educación e seguridade vial, **voluntario** e multidisciplinar, composto por bombeiros/as, técnicas en prevención de drogodependencias, ATS DUE, pedagogas, educadoras, psicólogos/as, avogados e policía locais.

Constitúese en abril do 2007 na **Asociación Galega de Mobilidade e Prevención de accidentes de Tráfico**, que por acordo marco e convenio son a delegación en Galiza da prestixiosa asociación P(A)T.

Traballando de forma continuada dende o ano 2004 na prevención de accidentes de tráfico buscamos como destinatarios/as nos programas e campañas realizadas os diferentes grupos de risco nos accidentes de tráfico: mozos/as (velocidade, alcohol, elementos de seguridade), ciclistas, motoristas e peóns adultos que resultan atropelados, inmigrantes, discapacitados/as, menores con medidas xudiciais, pacientes con enfermidades mentais... etc.

Como asinantes da Carta da Seguridade Vial os programas desenvolvimos teñen un reconecemento oficial europeo.

En definitiva, concienciación, educación vial por unha mobilidade cívica e segura.

CURRICULUM

Programas desenvolvidos

- **P0**nte un **0** en alcohol, novembro 2005 e maio/xuño de 2006. Dirixido a mozos/as-adultos/as condutores/as nas noites das fins de semana. Premio Barcelona de seguridade vial 2005.
- Asinantes da Carta Europea de Seguridade Viaria co Concello de Ourense dende decembro de 2005.
- Participación nos Grupos de Traballo de Educación Vial para persoas adultas da Dirección Xeral de Tráfico, 2004 y 2005 (Salamanca), 2006 (Benidorm), 2007 (Madrid) e 2009 (Benidorm).

- Celebración do día Mundial de Víctimas e Afectados por Accidentes de Tráfico, novembro 2005, 2006, 2007, 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.
- Celebración da I SEMANA MUNDIAL DA SEGURIDADE VIARIA, abril 2007.
- "Déixate Ver" 2005 e 2006. Dirixido a adultos/as peóns na mobilidade urbana, Distinción especial do xurado nos premios Barcelona de Seguridade Viaria 2006.
- "Conduce Docemente", 2006, 2007, 2008 e 2009. Dirixido a condutores/as e familias, nos masivos desprazamentos interurbáns. Enlóbbase na "operación saída tráfico verán" e na entrada en vigor do sistema de conducir por puntos.
- "Programa de educación viaria para inmigrantes, integración e cidade educadora", 2004/2006, Premio Barcelona de Seguridade Vial 2007.
- "Estudio sobre a influencia do alcohol na conducción", 2007.
- "EnBIClate" campaña de sensibilización e mobilidade segura da bicicleta na cidade. 2007
- Curso de extensión Universitaria de Educación Viária, Universidade de Vigo, 2007 a 2012.
- "Proxecto Moucho." Decembro 2007 ata xuño 2008. Instauración da liña de autobuses nocturna Mouchobús. Premio Galicia solidariedade 2008.
- Organización das I Xornadas de formación e sensibilización "Dous de Fronte". Universidade de Vigo, 2008.
- INTERGALIZA INTEGRALIZA. Xornada de Integración Vial e interculturalidade, maio 2008.
- Organización da Xornada infantil "bici cívica e integración", agosto 2008.
- "Séntame, Sínteme", campaña específica de sensibilización sobre o uso dos Sistemas de Retención Infantil. 2009.
- "CICLOPEATÓN", campaña de sensibilización para as Sendas Ciclables do Concello de Ourense. 2011.
- Proxecto ENTREPARADAS, Proxecto de inclusión social e de fomento do transporte público nos autobuses urbanos da cidade de Ourense, maio 2011 a febreiro 2012.
- Producción do Documental "Entreparadas", marzo 2013.
- Curso de Educación Viária, UNED 2014 (en colaboración ca AGASP. Academia Galega de Seguridade Pública)

Elaboración de materiais didácticos

- Unidades didácticas específicas para os programas levados a cabo.
- Xogo didáctico "*La Antinoticia*", publicado pola Dirección General de Tráfico.
- Creadores do CD musical "*Percorrido*" (Recorrido), Lamatumbá. Publicado pola Dirección General de Tráfico.
- Guía didáctica do documental *entreparradas*, publicado polo Concello de Ourense e a DGT.

Participación en Xornadas, Cursos e Congresos

- Xornadas de Prevención do Uso do Alcohol e das Drogas na Condución, Ourense, novembro 2004.
- Congreso rexional de educación vial de Castela e León, maio de 2006.
- Curso de Verán da Universidade de Salamanca, xullo 2006.
- Congreso nacional sobre Saúde e Seguridade Vial, Observatorio Nacional da Dirección Xeral de Tráfico, Santillana del Mar, Santander, novembro de 2006 e novembro 2007.
- Educación Vial para Adultos, Dirección Xeral de Tráfico, Centro Superior de Educación Vial, Salamanca, maio 2004 e setembro de 2005, Benidorm, xuño 2006 e Madrid, 2007.
- Salón Internacional do Automóvil de Galiza. SIGA 2007, Silleda, Pontevedra, setembro 2007.
- VI Xornadas de Seguridade Vial, A Coruña, novembro 2007.
- Conmemoración Internacional da Muller Traballadora, "Comportamento viário e xénero". Concello de Ourense, marzo 2008.
- Congreso Galego do Voluntariado, Santiago, A Coruña, abril 2008.
- Xornadas "Dous de Fronte". Universidade de Vigo, maio 2008.
- Xornadas de Prevención de Accidentes Laborais, Ourense, maio 2008.
- 9th Internacional Conferencia for Walking, Walk21 October 2008. Congreso Internacional do peón, Barcelona, outubro de 2008.
- I Xornadas Interculturais, Concello de Ourense, outubro 2008.
- Curso Mediación Intercultural, Consorcio As Mariñas, Coruña, febreiro 2009.
- Congreso Galego de Voluntariado, premio Galicia Solidariedade 2009, Santiago de Compostela, A Coruña, abril 2009.

- Educación Vial para Adultos, Dirección Xeral de Tráfico, Benidorm, abril 2009.
- Curso de Verán Universidade de Salamanca, Dirección Xeral de Tráfico, xullo 2009.
- Curso de veran: Universidade de Santiago de Compostela, "Accidentes de tráfico: Unha aproximación Multidisciplinar, xullo 2009.
- Encontro de Cidades para a Seguridade Vial, Gijón, outubro 2009.
- "Alcohol e conducción: coctel explosivo", Universidade de Vigo, Ourense, febreiro 2010
- Encontro de Expertos sobre a Educación Vial e a discapacidade, Centro Superior de Educación Vial, Salamanca, 2009.
- Xornada Internacional Transfronteriza Portugal-España. "A importancia da prevención na seguridade vial, Chaves, Portugal, 2010.
- Día mundial do Autismo, "A educación vial para a discapacidade no ámbito municipal, Cambados, Pontevedra, abril 2011.
- Charla coloquio sobre Prevención de Accidentes de Tráfico, Psiquiátrico Cabaleiro Goás, Ourense, maio 2011.
- European youth forum for road safety 2011, novembro 2011, Bruxelas.
- Congreso autonómico da Consellería de Educación da Xunta de Galicia "Xornada de Educación para a Seguridade Viaria", novembro 2011, Santiago de Compostela, a Coruña.
- Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, 26 novembro 2011, EGAP (Escola Galega de Administración Pública), Santiago de Compostela, A Coruña.
- Xornada Internacional de seguridade viaria. Eurociudad Verin-Chaves, Chaves (Portugal), outubro 2012.
- I Congreso Camiño Escolar de Galicia, Ourense, decembro 2012.
- Participación en el Seminario de Expertos DGT sobre discapacidade, Salamanca, febreiro 2013.
- Conferencias/debates sobre o proxecto entreparadas o longo do 2013 diferentes centros de Ourense (menores, educación, universidade...)
- Xornada sobre discapacidade e Tráfico, FEAPS Extremadura e DGT, Mérida, outubro 2013.
- Curso de Educación Viária, UNED 2014 .



P(A)T GALICIA. MÉRITOS

- Premio Barcelona de Seguridade Vial 2005.
- Distinción especial do xurado no premio Barcelona de Seguridade Vial 2006.
- Premio Barcelona de Seguridade Vial 2007.
- Premio Morogo 2007 polo labor altruista a prol da prevención dos sinistros de tránsito
- Premio Galicia Solidariedade 2008 polo proxecto innovador, "proxecto moucho".
- Premio Freire Carril 2009, distingue entidades ou persoas que en Galicia desenvolven labores a favor da comunidade social ou á vida cultural galega.
- Premio Festival Internacional de Cine FECIDISCOVI a mellor película polo documental extraído do proxecto "entreparradas", (Collado Villalba, Madrid), novembro 2013.

PAT E AP(A)T ESPAÑA. MÉRITOS

O Consello de Ministros declarou a **P(A)T** no 1980 como entidade de **Utilidade Pública**. En 2004 o ex presidente de P(A)T, Sr. Parés recibiu da Dirección General de Tráfico **a Medalla de Bronce con distintivo azul** pola súa traxectoria profesional en pro da Seguridade Viaria e da D.G.T, a **Medalla de Bronce** ó mérito pola loita na Prevención de Accidentes.

En 1994 o Presidente da Generalitat de Catalunya, Jordi Pujol, concedeu o **Galardón 1993** á entidade catalana con máis méritos en pro da seguridade viaria. En 1993, en recoñecemento ós seus **25 años de traxectoria benfeitora**, o Ayuntamiento de Barcelona, entregou unha **Placa de Plata** manifestando este recoñecemento.

CONTACTO.- 610009543, 667751983 pat-galicia@pat-apat.org